

A SEMENTE DA FIGUEIRA SAGRADA

1443

Mohammad Rasoulof, 2024

ESTREA EN NUMAX: 17.01.2025 | V.O.S.E. | +16 | 168 min

Irán, outono 2022. A vida universitaria en Teherán vese sacudida polas revoltas nas rúas e as escolas ao berro de «Muller, vida e liberdade». A medida que os disturbios políticos aumentan, a responsabilidade profesional na vida dun xuíz de instrución empeza a afectar a súa vida familiar xunto a súa muller e as súas dúas fillas adolescentes. Cando a pistola que o goberno lle entregara para manter a súa seguridade desaparece, só lle queda sospeitar das mulleres que o rodean. Mentres as normas sociais empezan a esfarelarse ao seu redor, tamén o fai a súa familia.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)

«Unha emocionante resposta ao brutal ensañamento contras as mulleres do réxime iraniano»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS



Co corazón mancado, elixín o exilio

Por Mohammad Rasoulof

Cheguei a Europa hai uns días despois dunha longa e complicada viaxe. Hai aproximadamente un mes, os meus avogados informáronme de que a miña sentenza de oito anos de prisión fora confirmada no tribunal de apelación e cumprírase en pouco tempo. Sabendo que a noticia da miña nova película sería revelada en breve, eu tamén era consciente de que, sen dúbida, agregaría unha nova sentenza a estes oito anos. Non tiven moito tempo para tomar unha decisión. Tiven que elixir entre o cárcere ou saír de Irán. Co corazón mancado, elixín o exilio. A República Islámica confiscou o meu pasaporte en setembro de 2017. Por tanto, tiven que saír de Irán en segredo. Por suposto, opóñoome firmemente á recente e inxusta sentenza na miña contra que me obriga a exiliarme. Con todo, o sistema xudicial da República Islámica ten emitido tantas decisións crueis e estrañas que non sinto que teña especial dereito a queixarme pola miña sentenza. As sentenzas de morte estanse executando mentres a República Islámica pon no punto de mira as vidas de manifestantes e activistas de dereitos civís. Resulta difícil de crer, pero agora mesmo, mentres escribo isto, un mozo rapeiro chamado Toomaj Salehi está en prisión e foi condenado á morte. O alcance e a intensidade da represión chegaron a un punto de brutalidade que a xente normalizou as noticias de crimes atroces do goberno todos os días. A maquinaria criminal da República Islámica viola de forma continua e sistemática os dereitos humanos.

Antes de que os servizos de intelixencia da República Islámica se decatasen da produción da miña película, varios dos actores lograron saír de Irán. Con todo, outros actores e profesionais implicados na película seguen en Irán e o sistema de intelixencia está a presionalos. Foron sometidos a longos interrogatorios. As familias dalgúns deles foron citadas e ameazadas. Debido á súa aparición nesta película, presentáronse demandas xudiciais contra eles e prohibíuselles saír do país. Entraron na oficina do director de fotografía e quitáronlle todo o seu equipo de traballo. Tamén impediron que o enxeñeiro de son da película viaxase a Canadá. Durante os interrogatorios do equipo de filmación, as forzas de intelixencia pedíronlles que me presionasen para que retirase a película do Festival de Cannes.

Tentaban convencer ao equipo de filmación de que non coñecían a historia da película e que foran manipulados para participar no proxecto. A pesar das enormes limitacións que eu, os meus colegas e amigos enfrentamos ao facer a película, tentei lograr unha narrativa cinematográfica que se afastase da censura na República Islámica e se achegase á realidade. Non teño dúbidas de que restrinxir e suprimir a liberdade de expresión non se pode xustificar mesmo se se converte nun estímulo para a creatividade, pero cando non hai maneira, hai que abrir unha. A comunidade cinematográfica mundial debe garantir un apoio efectivo aos realizadores deste tipo de películas. A liberdade de expresión debe defenderse en voz alta e clara. As persoas que se confrontan con valentía e desinteresadamente á censura en lugar de apoiála séntense reconfortadas da importancia das súas accións co apoio das organizacións cinematográficas internacionais. Como sei por experiencia persoal, pode ser unha axuda inestimable para que continúen co seu vital traballo. Moita xente axudou a facer esta película. Os meus pensamentos están con todos eles e temo pola súa seguridade e benestar.